



***Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017-2018.***

O desenvolvemento da competencia dixital non se acaba co simple uso de ferramentas se non que hai que promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Para poder alcanzar un boa competencia dixital en educación, as TIC non poden ser introducidas como un fin en si mesmo senón como un medio a través do cal se produza un cambio na metodoloxía no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten desenvolto por medio do Proxecto Abalar desde o curso 2010-2011 un proceso de incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos, proceso entroncado na estratexia xeral de incorporación de Galicia á Sociedade da Información e do Coñecemento e nos seus programas transversais de desenvolvemento e promoción das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

A incorporación das TIC á educación en xeral, e aos procesos ensino-aprendizaxe en particular, é xa unha realidade en Galicia, e se mostra como unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa. En efecto, os recursos dixitais non só fan accesibles os contidos necesarios para o proceso educativo nunha presentación distinta da tradicional, de libro en papel a libro ou contido dixital, senón que proporcionan novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado e para o desenvolvemento de novas metodoloxías docente máis acordes coa transformación educativa en marcha.

A importancia do desenvolvemento dos novos currículos de primaria e secundaria nun contorno dixital, mediante proxectos de educación dixital parte dos proxectos educativos dos centros, se reflicte tanto no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, como no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establecen respectivamente os currículos de educación primaria e educación secundaria e bacharelato respectivamente.

O proxecto E-Dixgal naceu como proxecto experimental no curso 2014-2015 coa intención de proporcionar aos centros educativos da rede Abalar un proxecto integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital mediante a incorporación de materiais dixitais nos últimos cursos de educación primaria e en 1º e 2º de ESO. Unha vez finalizado o



carácter experimental do proxecto e consolidado no seu desenvolvemento, procede agora darlle un novo impulso mediante a súa ampliación, para que os seus beneficios se sigan a estender por medio dos proxectos educativos dixitais dos centros.

O proxecto diríxese aos centros que estean na Rede Abalar, centros cunha cultura dixital afianzada como parte do seu proxecto de centro, apoiado e coñecido pola comunidade educativa, e en especial polas familias, que se verán beneficiadas cunha maior alfabetización dixital na súa contorna próxima ademais dos aforros en custos nos materiais educativos. Por outra banda, posibilitarase un maior aproveitamento dos recursos dixitais dispoñibles e a súa adecuación e, no seu caso, actualización ás necesidades cambiantes tanto a nivel de hardware como de software que a sociedade da información esixe no seu continuo avance.

Ademais, séguese a traballar constantemente na ampliación do repositorio de contidos do espazo Abalar, que actualmente supera os 3000 recursos, como opción para complementar o proxecto educativo dixital dos centros.

A fin de convocar aos centros ao proxecto de educación dixital (E-Dixgal)

## RESOLVO

### **Primeiro. Obxecto**

Convocar e establecer as bases para a selección de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que se incorporarán no curso 2017-2018 ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

### **Segundo. O proxecto Educación dixital**

O proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO no curso 2017-2018.

Os centros adscritos a este proxecto terán acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe



cos contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os centros deberán utilizar para o desenvolvemento curricular materiais de referencia dixitais, que poden proceder desta contorna e/ou proporcionados polo centro. Se o centro conta con libros e outros materiais didácticos poderán empregarse como complemento ou apoio.

### **Terceiro. Destinatarios**

Poderán participar no procedemento de selección da presente convocatoria os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia adscritos á rede Abalar que impartan no curso 2017/2018 ensinanzas de 5º e 6º de Educación Primaria e/ou 1º e 2º de ESO.

### **Cuarto. Requisitos dos centros educativos de nova incorporación**

4.1 Para que un centro poida participar neste proceso de selección é necesario que cumpra os seguintes requisitos:

- 1) Presentar un proxecto segundo o guión establecido no apartado sexto
- 2) Compromiso de utilizar materiais dixitais como referencia para o desenvolvemento curricular, segundo o seguinte calendario e opcións:
  - No curso 2017/2018 cando menos en 5º de educación primaria e/ou 1º de ESO . Neste caso, estenderá o uso dos materias no curso 2018/2019 a 5º e 6º de educación primaria e/ou 1º e 2º de ESO, mantendo nos cursos seguintes o proxecto educativo dixital neste niveis, cando menos.
  - No curso 2017/2018 poderá tamén optar por desenvolver o proxecto simultaneamente en 5º e 6º e/ou 1º e 2º de ESO, mantendo nos cursos seguintes o proxecto educativo dixital neste niveis, cando menos.
- 3) Contar cunha conexión de datos cunha velocidade nominal mínima de baixada de 30 Mbps.
- 4) Os centros que soliciten a súa incorporación na etapa de Educación Primaria deberán impartir todas as materias en modalidade dixital.
- 5) Os centros que soliciten a súa incorporación na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria deberán impartir un mínimo de seis materias a elección do centro en modalidade dixital, segundo o curso correspondente e tendo en conta que as



materias Relixión - Valores Éticos contabilizaranse, no seu caso, como unha única materia.

4.2 A participación neste proxecto pode ser causa de exclusión noutras axudas ou subvencións para o mesmo fin convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### **Quinto. Continuidade dos centros E-Dixgal beneficiarios da convocatoria de 2014.**

Os centros que participaron na convocatoria do proxecto E-Dixgal realizada mediante Resolución do 22 de abril de 2014 (DOG do 30-04-2014) e resultaron elixidos, entenderanse automaticamente prorrogados na súa participación e non precisarán realizar nova solicitude como consecuencia do proceso de continuidade e consolidación do proxecto.

#### **Sexto. Requisitos do proxecto**

O proxecto deberá de incluír como mínimo os seguintes apartados:

- Introducción descritiva do contexto do centro.
- Xustificación da solicitude.
- Obxectivos.
- Experiencia educativa coas TIC no centro.
- Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.
- Designación da persoa coordinadora do proxecto, que será tamén a encargada da coordinación Abalar, agás causas debidamente xustificadas. A designación realizarase preferentemente entre o profesorado definitivo do centro, e asignación de horas dentro do seu horario lectivo e/ou complementario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Para a realización da proposta debe terse en conta que valorarase a experiencia da persoa proposta no emprego e dinamización das TIC nos ámbitos:
- Participación, coordinación ou docencia en accións formativas.



- Traballo acreditado relacionado coa integración das TIC na educación (boas prácticas educativas, participación en proxectos que integren as TIC nas aulas, emprego de recursos educativos dixitais – contidos dixitais, aulas virtuais, actividades con software educativo, blogs, wikis, ...- nas aulas, participación activa en comunidades educativas na rede, elaboración de materiais dixitais, etcétera)
- Experiencia na coordinación de proxectos ou grupos de traballo.
- Participación en proxectos que integren metodoloxías didácticas innovadoras na educación.
- Premios relacionados coa integración das TIC na aula.
- Outra experiencia acreditable que se considere relevante en relación coa integración das TIC nas aulas.
- Actividades de formación permanente (proxectos de formación ou innovación, seminarios, grupos de traballo, etcétera), e outras relacionadas coas TIC desenvoltas no centro durante os últimos cinco anos.
- Tipo de conexión á rede, indicando a súa velocidade de baixada nominal e real.
- Nome das materias que se impartirán en dixital no caso de proxectos para Educación Secundaria Obrigatoria.
- Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.
- Calquera información que se estime relevante e que poida ser tida en conta para a selección do centro.

### **Sétimo. Compromisos dos centros educativos.**

Os centros educativos que sexan seleccionados mediante esta resolución deberá asumir, polo menos, os seguintes compromisos:

- a) Desenvolver o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado, que se incorporará ao proxecto educativo do centro, e impulsar a



súa continuidade cando menos durante catro cursos escolares e en función da súa avaliación.

- b) O centro, en colaboración coa Administración educativa, realizará unha adecuada divulgación da iniciativa entre toda a comunidade educativa, con especial incidencia no alumnado e nas familias, de xeito que se aporte a información necesaria e se realice a adecuada sensibilización en relación con esta programa.
- c) O centro realizará un seguimento periódico das actuacións previstas no programa.
- d) O profesorado implicado e o equipo directivo, segundo corresponda, deberán participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- e) O centro garantizará a participación activa da persoa coordinadora do proxecto e dalgún membro do equipo directivo nas reunións de traballo que desde a Administración educativa se establezan.
- f) A comunidade educativa terá que participar activamente no deseño, aplicación e avaliación das actuacións previstas no programa.
- g) Mantemento do programa durante catro cursos académicos.
- h) O profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte dentro do programa. Dita formación estará integrada, preferentemente, no marco da Formación en Centros, para o que recibirán o asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.

### **Oitavo. Actuacións da Administración educativa**

A Administración educativa desenvolverá nos centros seleccionados mediante a presente resolución as seguintes actuacións:

- a. Asesoramento e apoio da Rede de formación permanente do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



- b. Asesoramento e asistencia técnica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
- c. Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.
- d. Seguimento e apoio a través dos servizos de inspección educativa.
- e. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos.
- f. Actualización, de ser o caso, dos recursos e equipamento vinculado ao proxecto.

### ***Noveno. Presentación de solicitudes, documentación e prazo de presentación***

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo o documento anexo, asinada pola persoa directora do centro

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

1. Proxecto no que se concretarán os extremos para a implantación do proxecto durante o curso 2017/2018, así como para a súa continuidade en cursos posteriores.
2. Méritos docentes da persoa proposta para a coordinación. A persoa coordinadora exercerá a coordinación do proxecto Abalar e E-Dixgal, agás causas debidamente xustificadas, recibindo unha única certificación de innovación pola integración do proxecto de educación dixital.

As solicitudes segundo o documento anexo poderán presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en diante, Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico [edixgal@edu.xunta.es](mailto:edixgal@edu.xunta.es) segundo os prazos establecidos

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

### ***Décimo. Selección de centros***



## 1. Criterios de selección e número de centros

a) A valoración das solicitudes presentadas realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) Viabilidade do proxecto de centro: ata 30 puntos (ata 15 puntos de valoración do proxecto presentado e ata 15 puntos a experiencia previa).
- 2) Valoración do currículo e experiencia da persoa coordinadora: ata 30 puntos
- 3) Grado de implicación da comunidade educativa manifestado por medio do apoio recibido por parte do Claustro e do Consello Escolar: ata 30 puntos.
- 4) Nos centros que soliciten o ingreso en Educación Secundaria Obrigatoria, número de materias que se impartirán en dixital: ata 10 puntos

b) Seleccionaranse un máximo de 30 centros de nova incorporación. Na selección de centros procurarase manter a proporcionalidade existente entre centros Abalar segundo a súa titularidade.

## 2. Comisión de selección

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria seleccionará os centros que se integrarán no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) no curso 2017-2018 mediante unha comisión coa seguinte composición:

- Presidente: o Subdirector/a Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

Vogais:

- Director/a da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ou persoa na que delegue.

- Subdirector/a Xeral de Centros ou persoa na que delegue.

- Subdirector/a Xeral de inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa na que delegue.

- Un/unha Xefe/a de Servizo da subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.





- Xerente de Proxectos de Educación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ou persoa na que delegue.
- Unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que desempeñara a función de secretario.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

Esta comisión rexerese polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

### 3. Proceso de selección.

A Comisión de selección, aos efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Inspección Educativa ou aos técnicos da Consellería ou Amtega.

A Comisión procederá á valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de selección, establecidos no punto 1 e, no prazo máximo dun mes, que se computará a partir do día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>

A exposición abrirá un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a relación final de centros seleccionados. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> e no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo



de cinco meses desde a data de publicación desta orde.

### ***Décimo primeiro. Avaliación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Amtega realizarán un seguimento e avaliación da implantación e desenvolvemento do proxecto nos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

O incumprimento das condicións e compromisos recollidos na presente resolución poderá ocasionar a exclusión do centro do proxecto.

### ***Décimo segundo. Recoñecemento***

O profesorado que participe activa e regularmente e, despois de ter sido sometido a valoración, no proxecto recibirá unha certificación como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación do profesorado. No caso da persoa coordinadora do proxecto Abalar/E-Dixgal esta certificación terá unha equivalencia de 50 horas de formación.

### ***Décimo terceiro. Difusión dos traballos***

A Xunta de Galicia resérvase o dereito de difundir os traballos e experiencias realizados no desenvolvemento do proxecto polos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

### ***Décimo cuarto. Aceptación***

A participación neste procedemento supón a aceptación do disposto nesta resolución.

### ***Décimo quinto – Consentimentos e autorizacións***

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Excepcionalmente, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



### ***Décimo sexto – Datos de carácter persoal***

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Profesorado» co obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través do correo electrónico [sxoifp@edu.xunta.es](mailto:sxoifp@edu.xunta.es)

### ***Décimo sétimo***

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación *no portal educativo* <http://www.edu.xunta.gal>

### ***Disposición adicional primeira***

A selección do centro para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) pode dar lugar a cambio dos libros de texto segundo o punto 2 da Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

### ***Disposición adicional segunda***

No que caso de que o número de centros con valoración favorable de proxecto supere os límites establecidos no apartado décimo 1.b), a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior a dito límite xustificada na viabilidade dos proxectos e dentro dos límites tecnolóxicos da plataforma que de soporte á Contorna Virtual de Aprendizaxe.

Santiago de Compostela, a 22 de maio de 2017.

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa